

# Bases do concurso de fotografía “Entroido Viana do Bolo 2021”

## 1. Obxectivos

O I CONCURSO FOTOGRÁFICO “ENTROIDO VIANA DO BOLO 2021”, organizado pola asociación Robreda e o Concello de Viana do Bolo, pretende premiar a creatividade e a participación dos amantes da fotografía, co fin de pór en valor a riqueza do noso Entroido a través da súa forza visual.

## 2. Participantes

Poderán participar neste concurso todas as persoas que o desexen. Non será necesaria unha inscrición previa.

## 3. Tema

O Entroido de Viana do Bolo.

## 4. Presentación das obras e identificación

Cada autor/a poderá presentar ata un máximo de 5 fotografías, sempre en formato dixital. En cada envío deberán achegarse os seguintes datos:

- Nome e apelidos e número de teléfono do autor/a
- Título ou lema da fotografía
- Data de realización

Aceptaranse, **de xeito provisional**, fotografías feitas co móbil sobre as fotografías orixinais, mais para poder optar ó premio, o autor terá que encargarse da súa posterior dixitalización e de remitir os arquivos nos prazos oportunos.

## 5. Data límite

O prazo de admisión das fotografías para o concurso finaliza o 17 de febreiro do 2021.

## 6. Envío

Os envío deben facerse por correo electrónico ou WeTransfer á seguinte dirección [entrudivianadobolo@gmail.com](mailto:entrudivianadobolo@gmail.com).

## 7. Xurados e premios

O xurado será designado pola Asociación Robreda, que poderá contar co asesoramento de especialistas na materia. O veredicto conxunto terá lugar o día 22 de febreiro, podendo quedar

desertos todos ou parte dos premios, se o xurado así o decidise. A condición de premiado comunicaráselles ós gañadores por teléfono.

Para a concesión dos premios valorarase: a calidade técnica da fotografía, a calidade do conxunto do traballo presentado por cada autor e a orixinalidade. Os concursantes non poderán obter máis dun premio.

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: 250 euros

2º Premio: 150 euros

Mención especial á foto máis antiga: 100 euros

### **8. Aceptación das bases**

As fotografías premiadas quedarán en propiedade da Asociación Robreda, que se reservará todos os dereitos de uso, exposición e reprodución. É responsabilidade dos concursantes presentar unicamente fotografías non publicadas anteriormente e que non comprometan dereitos de imaxe alleos.

**\*A participación neste concurso implica a aceptación íntegra das súas bases.**

